

Estación de Servicio situada na rúa Benito Corbal, nº 49 (expediente nº 32231/03).

Pontevedra, 3 de decembro de 2003.—O Alcalde, P.D. o Tenente Alcalde (Resolución do 01/07/03), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo. 10106

E D I C T O

Durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir desta publicación no Boletín Oficial da provincia, podrán presentarse reclamacións en relación coa solicitude formulada por María del Carmen García Barros, de licencia de obras de acondicionamento e apertura de local con destino a peixería, no baixo do inmovible situado na rúa Rodríguez Seoane esq. rúa nueva apertura nº 64 baixo (expediente nº 5083/04).

Pontevedra, 12 de marzo de 2004.—O Alcalde, P.D. o Tenente Alcalde (Resolución do 01/07/03), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo. 10166

Resolución da Alcaldía pola que se ordena a publicación do texto íntegro da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra.

O Pleno da Corporación aprobou inicialmente, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e tres de xullo de dous mil catro, a Ordenanza municipal de impulso de uso do galego no Concello de Pontevedra. Logo de que a nomeada Ordenanza estivese sometida ao trámite de información pública e audiencia aos interesados, e o vicesecretario da Corporación acreditase que non se presentaron reclamacións nin suxestións contra o texto publicado no BOP núm. 158 de 17 de agosto de 2004 durante o período de trinta días hábiles (desde o antedito día ata o 21 de setembro deste mesmo ano), esta Alcaldía ao abeiro do artigo 49-c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en exercicio das atribucións conferidas ao Alcalde polo artigo 21.1-r) da devandita lei

RESOLVE:

Elevar a definitivo o acordo plenario de aprobación provisional da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra; sendo o contido íntegro da mesma o seguinte:

ORDENANZA DE IMPULSO DO USO DO GALEGO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

LIMIAR

A lingua constitúe a principal manifestación da identidade cultural dun pobo. O galego, lingua propia de Galicia, constitúe o principal patrimonio cultural da nosa Comunidade, como sinal de identificación e diferenciación de Galicia. Ao longo da

súa historia coñeceu períodos de esplendor (cando era a lingua que se usaba con normalidade en todos os ámbitos) e de debilitamento, no momento en que quedou relegada a lingua oral. Coa chegada da democracia a España, viuse un camiño aberto cara á súa normalización, tendo en conta o dereito xeral dos cidadáns a usar a lingua oficial da súa elección.

A Constitución Española de 1978 establece a cooficialidade das linguas das comunidades autónomas.

O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, no seu artigo 5, declara o galego “lingua propia de Galicia”, proclama a súa oficialidade e confírelles aos poderes públicos a obriga de potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa.

A Lei 3/1983 de normalización lingüística establece que a lingua galega “é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, e a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade”. Como consecuencia deste principio, determina no seu artigo 4 o carácter oficial do galego como lingua da Administración autonómica, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade autónoma. Nesta liña, o artigo 6.3 di que “os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”, e o artigo 25º establece que “o Goberno galego e as Corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

A Lei 5/1988 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais establece no seu artigo 1º que “as convocatorias das sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega”.

A Lei 5/1997 de administración local de Galicia determina no seu artigo 7 o seguinte: “O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega”.

Apuntamos tamén que normalizar a lingua significa recuperar o seu uso en todos os ámbitos, que a normalización lingüística é un proceso que ten como protagonista principal a sociedade galega e que os poderes públicos teñen a responsabilidade

de apoiar e promover este proceso segundo todos os preceptos legais anteriormente mencionados.

Malia toda a lexislación existente, o proceso de normalización lingüística non está sendo todo o satisfactorio que debería e atópase nunha situación de estancamento. É por este motivo polo que o Concello de Pontevedra debería asumir a súa responsabilidade tanto a nivel político-administrativo (abeirado na Lei de normalización lingüística e na Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais) como a nivel social diante da cidadanía, pois a opinión pública outórgalle aos concellos unha responsabilidade de primeira orde inmediatamente despois da Xunta (tal e como sinala o Mapa sociolingüístico de Galicia).

	<i>Nais</i>				<i>Goberno</i>			
	<i>Xunta</i>	<i>Concello</i>	<i>Intelectuais</i>	<i>Ensino</i>	<i>e país</i>	<i>Medios</i>	<i>Empresas</i>	<i>central</i>
Pontevedra	4.40	4.14	3.96	4.03	3.87	3.95	3.14	2.72
Galicia	4.51	4.27	4.18	4.11	4.10	3.99	3.37	2.69

Graos de responsabilidade na normalización do galego segundo a cidadanía pontevedresa e a galega. Enquisa tirada do Mapa Sociolingüístico de Galicia da Real Academia Galega. As medias van de 1=nada a 5=moito.

Por todo o dito e considerando que o cumprimento das medidas lexislativas existentes non abonda para cambiar as actitudes lingüísticas, propónselle ao Pleno do Concello de Pontevedra a aprobación desta ordenanza.

CAPÍTULO I DO USO OFICIAL DO IDIOMA GALEGO

ARTIGO 1º

1.—O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Pontevedra.

2.—As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

3.—Os/as cidadáns/ás teñen dereito a ser atendidos e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

CAPÍTULO II ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 2º

2. 1.—O uso da lingua galega por parte do Concello de Pontevedra e dos organismos que dependen del (organismos autónomos, padreados, sociedades anónimas, municipais, etc...) hase rexer polos criterios establecidos nesta ordenanza.

2. 2.—As empresas adxudicatarias ou concesionarias, que actúan por conta deste Concello, así como as de explotación mixta, farán o propio, e ha de facerse constar explicitamente nos documentos correspondentes.

2. 3.—O Concello de Pontevedra velará para que a nivel interno e nas actividades en que participe (convenios, consorcios...) sexan aplicados os principios anteriores aquí estabelecidos.

2. 4.—O Concello de Pontevedra creará un Servizo de Normalización Lingüística (SNL) co obxectivo de impulsar a normalización da lingua galega. Todos os organismos anteriormente citados han de se axustar aos criterios de uso lingüístico que difunde o Servizo de Normalización Lingüística.

2. 5.—Todos os servizos, departamentos, oficinas e organismos dependentes do Concello de Pontevedra terán en conta a necesidade de normalización da lingua galega, para o que asumirán o desenvolvemento desta ordenanza en todas e cada unha das accións no seu funcionamento cotián.

CAPÍTULO III DO USO DO GALEGO NA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 3º

3.1.—As actuacións internas do Concello de Pontevedra faranse en lingua galega.

3.2.—Serán redactadas en lingua galega:

a) As convocatorias das sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Xunta de Goberno Local, comisións informativas, consellos sectoriais e tribunais de oposicións e concursos.

b) As actas das sesións dos citados órganos municipais; así como as actas dos órganos de goberno das Entidades dependentes deste Concello.

c) As resolucións do/a Alcalde/esa, dos/as concelleiros/as delegados/as e do Libro de Rexistro.

d) Os ditames, informes e propostas das diversas dependencias administrativas ou servizos que haxan de someterse á decisión ou coñecemento de calquera órgano municipal.

3.3.—Todos os impresos utilizados polos diferentes órganos do Concello de Pontevedra serán redactados en lingua galega.

3.4.—Os rótulos indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda clase de impresos, os selos de goma, os cuños e outros elementos similares han de estar escritos en galego.

3.5.—As aplicacións e programas informáticos han de estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

ARTIGO 4º

A documentación dos expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentos impresos do Concello de Pontevedra.

ARTIGO 5º

5.1 Os estudos, proxectos e traballos análogos que o Concello lles encargue a terceiros deberán estar realizados en lingua galega.

5.2. O Concello de Pontevedra requiriralles aos seus contratistas e provedores a presentación da documentación en galego e que fagan uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto do contrato. Estes requisitos han de constar no prego de condición dos contratos administrativos que aprobe o Concello.

5.3. Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio debe producir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma, ademais deberá ser redactado en castelán.

ARTIGO 6º

Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello de Pontevedra os asentos sempre se farán en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPÍTULO IV

DAS RELACIÓNS COS/AS ADMINISTRADOS/AS

ARTIGO 7º

7.1.—Todos os expedientes administrativos do Concello de Pontevedra tramitaranse en lingua galega.

7.2.—Se o interesado fixese unha solicitude formal entregaránselle os documentos que lle interesen na lingua oficial que demande. En calquera caso non se interromperá a tramitación en galego.

7.3.—As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas e xurídicas no ámbito da Comunidade autónoma faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito dos/as cidadáns/ás a recibilas, se o demandan formalmente, en castelán. Neste caso farase constar que é tradución do orixinal en galego.

7.4.—Os expedientes que vaian ter efectos fóra do territorio de Galicia, faranse tamén en galego, e expediranse, se acaso, copias en castelán, facendo constar que é tradución do orixinal en galego.

ARTIGO 8º

Os modelos de impresos á disposición do público estarán en galego, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán daqueles impresos que así se solicite de xeito formal.

ARTIGO 9º

O persoal do Concello de Pontevedra empregará o galego como lingua normal nas súas comunicacións orais cos/as administrados/as; agás cando

estes demandaren expresamente seren atendidos en castelán.

Isto tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

ARTIGO 10º

Os documentos públicos e os contractuais outorgados polo Concello redactaranse sempre en galego. No caso de que o Concello concorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase tamén na lingua que se acorde. De calquera maneira o Concello de Pontevedra solicitará sempre unha copia auténtica en galego para incorporala ao expediente.

CAPÍTULO V

DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

ARTIGO 11º

11.1.—A documentación que o Concello de Pontevedra dirixa a calquera das administracións públicas dentro do territorio de Galicia estará redactada en lingua galega.

11.2.—As comunicacións que o Concello dirixa á Administración civil ou militar, e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega, independentemente de se esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñen o seu efecto fóra deste ámbito.

ARTIGO 12º

12.1.—Os documentos do Concello dirixidos ás Administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en lingua galega e expedirase unha copia en castelán facendo constar que é tradución do orixinal en galego.

12.2.—As copias dos documentos do Concello redactadas en galego que haxa que enviar ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tramitaranse en lingua galega. Achegarase a tradución en castelán, facendo constar que é tradución do orixinal en galego.

ARTIGO 13º

Respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas, diferentes de calquera das Administracións o Concello aterase ao previsto nas disposicións vixentes; e redactaraos sempre que sexa posíbel en galego.

CAPÍTULO VI

DOS AVISOS, PUBLICACIÓNS E ACTIVIDADES PÚBLICAS

ARTIGO 14º

Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia, ou calquera outro medio de comu-

nicación radicado no territorio da nosa Comunidade autónoma serán redactados en galego.

ARTIGO 15º

Os cargos do Concello de Pontevedra expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

ARTIGO 16º

16.1.—Os libros, as revistas e en xeral, todos os carteis e publicacións que edite o Concello de Pontevedra, así como as mensaxes a través dos medios de comunicación, faranse en lingua galega agás os destinados especialmente ao exterior, que se poderán facer ademais na lingua dos destinatarios.

16.2.—A publicidade que se vaia distribuír unicamente fóra do ámbito lingüístico galego farase en dobre versión: galego e a lingua do lugar onde se dirixa ou castelán.

ARTIGO 17º

Todos os textos que han de ser publicados enviaranse ao Servizo de Normalización Lingüística para a súa corrección lingüística. En ningún caso para a súa tradución.

CAPÍTULO VII

TOPÓNIMOS, SINALIZACIÓN E RÓTULOS

ARTIGO 18º

18.1. Conforme co disposto no artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do Concello de Pontevedra é a galega.

18.2. A utilización da toponimia aterase ao disposto pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. A título informativo incorpórase como anexo da presente ordenanza a relación de topónimos para a provincia de Pontevedra, aprobada pola Comisión de Toponimia. (Decreto 219/1998, do 2 de xullo; publicado no DOG 144, do 28 de xullo de 1998)

18.3. O Concello de Pontevedra promoverá a recuperación, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal, e preservará as formas tradicionais dos lugares (tanto toponimia maior como microtoponimia) como parte integrante da memoria colectiva e do patrimonio cultural.

18.4. No prazo de dous anos a partir da aprobación da presente ordenanza, o Concello de Pontevedra encargará un estudo exhaustivo da toponimia do seu ámbito territorial.

ARTIGO 19º

Os rótulos, sinalizacións da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal, dependentes do Concello ou ins-

talada polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias ou calquera outra entidade, serán redactadas en idioma galego cinguíndose aos criterios establecidos no SNL; e sempre tendo en conta a normativa oficial. En calquera caso, antes da súa publicación os textos dos rótulos e sinalizacións serán remitidos ao SNL para a súa revisión lingüística.

ARTIGO 20º

Todos os vehículos do parque móbil municipal, dos organismos autónomos, empresas municipais, policía e bombeiros levarán a súa rotulación en galego. Isto mesmo será de aplicación ao parque móbil das empresas adxudicatarias ou concesionarias de servizos municipais, e así se establecerá nos correspondentes pregos de condicións.

ARTIGO 21º

O establecido no artigo anterior tamén será de aplicación a todo o vestiario municipal.

CAPÍTULO VIII

DA SELECCIÓN, PROVISIÓN, FORMACIÓN E RECICLAXE DO PERSOAL

ARTIGO 22º

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Administración municipal estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán.

ARTIGO 23º

23.1- Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello de Pontevedra, xa sexa como funcionario, laboral ou de calquera outro xeito, ha de figurar como condición obrigatoria que todos os aspirantes demostren o coñecemento específico da lingua galega, tanto na forma oral como na escrita, en relación ao posto de traballo que vaian desenvolver.

23.2.—Os candidatos aos cargos con habilitación nacional han de estar capacitados e posuír un grao de coñecemento da lingua galega, tanto na expresión oral como na escrita, que contribúa ao correcto desenvolvemento das súas funcións nese posto.

23.3.—Por proposta da Comisión de Seguimento desta Ordenanza, e logo da consulta coa Xunta de Persoal e do ditame da Comisión de Réxime Interior, o Pleno da Corporación establecerá nas bases das convocatorias o nivel de galego, tanto oral como escrito, que os aspirantes deberán demostrar ou acreditar en relación ao posto de traballo que vaian desenvolver.

ARTIGO 24º

Por proposta da Comisión de Seguimento desta Ordenanza, o Pleno da Corporación, á hora de defi-

nir os postos de traballo, establecerá os perfís lingüísticos; é dicir, os niveis e contidos respectivos de coñecemento oral e escrito da lingua galega para cada caso; e ha de considerar o coñecemento expreso da lingua galega en relación coas funcións específicas do seu posto como requisito indispensábel ou mérito preferente de acordo coa avaliación que se estableza.

ARTIGO 25º

O Servizo de Normalización Lingüística formulará propostas para establecer as probas e valorará os coñecementos de galego necesarios para desenvolver as funcións propias da praza ou posto que se convoque. O Servizo asesorará os tribunais cualificadores no exercicio de lingua galega na selección de persoal e na provisión ou promoción de postos de traballo.

ARTIGO 26º

Os responsábeis dos diferentes órganos do Concello de Pontevedra contarán coa asistencia e co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística para tomaren as medidas necesarias para que, nos órganos da súa competencia, o persoal que neles traballe teña os coñecementos precisos de galego a fin de garantir un desenvolvemento correcto das tarefas internas ou das dirixidas aos administrados e ás administradas; e así poder desenvolver os contidos desta Ordenanza.

ARTIGO 27º

O Concello de Pontevedra, coa asistencia e co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, organizará cursos de lingua galega para todo o funcionariado que non teña os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións e para mellorar o nivel de linguaxe administrativa ou doutras especialidades.

ARTIGO 28º

Será deber de todo o funcionariado adquirir o nivel de coñecemento establecido para o posto de traballo, de acordo cos criterios e termos que fixe a Comisión de Seguimento da Ordenanza. O persoal ao servizo da Corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou participase nos programas de formación ou perfeccionamento deberá utilizalo no seu traballo.

ARTIGO 29º

A formación profesional do persoal funcionario e laboral do Concello de Pontevedra farase en lingua galega, sempre que dependa do Concello a programación e organización. De non depender del Concello demandará que se faga en galego.

CAPÍTULO IX DO CUMPRIMENTO E SEGUIMENTO DA ORDENANZA

ARTIGO 30º

30.1.—Para garantir o cumprimento desta Ordenanza, créase unha Comisión Interdepartamental de Seguimento integrada cando menos polo/a Alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue, o concelleiro/a delegado/a do Servizo de Normalización Lingüística, o/a secretario/a, o/a concelleiro/a responsábel de persoal, a persoa responsábel do Servizo de Normalización Lingüística, un representante por cada grupo político que forme parte da Corporación municipal, un representante do Comité de Empresa e outro da Xunta de Persoal.

30.2.—Esta Comisión de Seguimento reunirse polo menos dúas veces ao ano para analizar o cumprimento e desenvolvemento desta Ordenanza, e extraordinariamente cando a convoque o/a Alcalde/sa. O/a Alcalde/sa poderá convocar de xeito extraordinario a petición de, cando menos, un terzo dos membros da Comisión.

30.3.—A actualización, ampliación ou revisión da Ordenanza tamén depende desta Comisión, a cal fará o estudo e levará a proposta correspondente ao Pleno do Concello, para que, se procede, aprobe a modificación.

ARTIGO 31º

31.—Tamén é competencia da Comisión de Seguimento promover, chegado o caso, as medidas que se consideren oportunas para o cumprimento da Ordenanza.

CAPÍTULO X DO IMPULSO INSTITUCIONAL

ARTIGO 32º

32.1. O Servizo de Normalización Lingüística ocuparase das tarefas que se realicen para impulsar institucionalmente o uso do idioma galego no Concello de Pontevedra.

32.2 Todos os organismos autónomos e empresas públicas dependentes do Concello de Pontevedra impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación co soporte técnico do Servizo de Normalización Lingüística e de acordo cos criterios que estableza a Comisión de Seguimento desta Ordenanza.

ARTIGO 33º

33.1.—Consonte co establecido no artigo 25 da Lei de normalización lingüística da lingua galega, o Concello de Pontevedra fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

33.2. Consonte o espírito da presente Ordenanza, cando o Concello subvencione actividades promovidas por entidades privadas ou asociacións terase en conta que estas contribúan ao impulso e extensión do uso social do galego, tanto nos usos orais como escritos.

33.3.—Para a concesión de subvencións municipais (de deportes, culturais, xuvenís e de calquera outro tipo) valorarase como criterio que se terá en conta que as actividades realizadas contribúan a normalizar o uso oral da lingua galega. Asemade, as publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción escrita de todas as actividades das asociacións que vaian estar subvencionadas polo Concello de Pontevedra deberán estar sempre en lingua galega, da mesma maneira que deberá figurar a colaboración do Concello de Pontevedra.

ARTIGO 34º

O Concello de Pontevedra poderá outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais para as actuacións singulares relacionadas coa normalización lingüística, conforme co artigo 25 da Lei de normalización lingüística.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para favorecer a participación social no impulso e dinamización do uso do galego, no prazo de 1 ano a partir da entrada en vigor da presente Ordenanza crearase o Consello Municipal da Lingua, no que estarán representados os grupos políticos que forman parte da Corporación e as organizacións e colectivos implicados no proceso de normalización lingüística.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza, queda expresamente derogado o título 4º: Normalización lingüística (art. 20º, 21º, 22º.1, 22º.2, 22º.3) do ROC aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do día 3 de outubro de 1987.

DISPOSICIÓN FINAL

No prazo de 2 anos a partir da entrada en vigor da presente Ordenanza, o Concello de Pontevedra aprobará un Plano Municipal de Impulso do Uso do Galego.

A N E X O I

FORMAS OFICIAIS DOS TOPÓNIMOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

(Decreto 219/1998, do 2 de xullo; DOG 144,
do 28 de xullo de 1998)

Alba (Santa María)

Devesa, A
Guxilde
Lampreeira
Pontecabras

Reariz
San Caetano
Touceda

Bora (Santa Mariña)

Cara
Cardosa, A
Corval, A
Couto, O
Igrexa, A
Lameliña, A
Leiras, As
Pío, O
Pontes, As
Portamuíño
Quinteiro, O
Salgueiral, O
Teso, O
Tombo, O
Valo, O
Vilares

Campañó (San Pedro)

Altabón
Barragáns
Bispo, O
Boca, A
Cabaleiro
Cachapal, O
Campañó de Arriba
Carballiños
Casal de Rei, O
Casal do Mendo
Cochón, O
Corredoira, A
Ferreiros
Freixo, O
Galiana, A
Moldes
Muíños, Os
Parada
Pedreira
Piñeiro
Ribeiro, O
Sabarís
Soutonovo
Vao, O

Canicouva, A (Santo Estevo)

Cacheiro
Canicouva, A
Cerponzóns (San Vicente)
Balea, A
Bouza
Bravo, O
Castrado, O
Costa, A

Cunchido, O
 Ermida, A
 Leborei
 Meán, A
 Pidre
 Queimado, O
 San Caetano
 Tilve
 Vigario

Lérez (San Salvador)

Arco, O
 Casal Novo
 Casaldarado
 Castelo, O
 Cendona, A
 Cernadas, As
 Cimbelo
 Couso, O
 Cruceiro, O
 Ferreira, A
 Fontaiña, A
 Gándara, A
 Laxiña, A
 Outeiro, O
 Pedra Picada, A
 Piolla, A
 Porta da Coxa, A
 Ramallás
 Regueira, A
 Torre, A
 Xunqueira de Lérez, A

Lourizán (Santo André)

Agrovello
 Cabo, O
 Camboa, A
 Carballeira, A
 Caritel
 Cunchidos, Os
 Estribela
 Igrexa, A
 Meán, A
 Nogueiras, As
 Outeiro, O
 Pexegueiro
 Praceres, Os
 Regueiriño, O
 Rial, O
 Rorís
 Rozo, O

Marcón (San Miguel)

Albeiro
 Barcia, A
 Cardosa, A
 Carracido

Ermida, A
 Marcón
 Pazos
 Peralba
 Pintos
 Ría de Abaixo
 Ría de Arriba
 Valadares
 Vilafranca

Mourente (Santa María)

Areás
 Bouza, A
 Campos, Os
 Carabelos
 Casas Novas
 Condesa
 Cons
 Eirós
 Freixeiro
 Laxe, A
 Moldes
 Monte, O
 Monte Porreiro
 Mourente
 Outeiro, O
 Pazo, O
 Raxeira, A
 San Amaro
 Santa Margarida
 Vilaverde

Ponte Sampaio (Santa María)

Acevedo
 Ponte, A
 Rañadoiro, O
 Vilar, O

Pontevedra (San Bartolomeu e Santa María)

Pontevedra

Salcedo (San Martiño)

Almuíña, A
 Armada, A
 Birrete
 Cabanas
 Campo da Porta, O
 Cancela, A
 Carballa, A
 Carballeira, A
 Carballo do Pazo, O
 Carramal, O
 Casal, O
 Costa, A
 Cruceiro, O
 Esculca, A
 Igrexa, A
 Matalobos

Muimenta, A
Nabalexo, O
Ruibal, A
Xistro, O

San Xosé (San Xosé)

Mollavao
Ruibal, A
San Brais

Santa María de Xeve (Santa María)

Couso, O
Fontáns, Os
Frieiro
Gatomorto
Igrexa, A

Tomeza (San Pedro)

Alcouce, O
Carballa, A
Casal do Río, O
Lusquiños
Marco, O
Pobo, O
Pombal, O
Pumariño
San Pedro
Valadiña, A

Verducido (San Martiño)

Abelleira, A
Bordel
Covadáspera
Gabián, O
Outeiriño, O
Rosende
Verducido
Vilariño

Virxe do Camiño, A (Virxe do Camiño)

Marco, O
Ponte do Couto, A

Xeve (Santo André)

Couso, O
Filgueira
Fragoso
Maúnzo
Santa Cruz
Sobra

RECURSOS PROCEDENTES:

O precedente acordo esgota a vía administrativa, e contra a Ordenanza de impulso do uso do galgo no Concello de Pontevedra, aprobada definitivamente, poderá interpoñer directamente quen se considere lexitimado o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da

publicación do texto íntegro da Ordenanza, de conformidade co disposto nos artigos 10-1-6) e 46-1 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a dereito, destacando que o artigo 107-3 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Así o dispuxo e ordenou o Ilmo. Sr. Alcalde, en Pontevedra, o dezaseis de novembro de dous mil catro, ante o Sr. Secretario que dá fe da presente resolución.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.—O Secretario, Julio Dapena Outomuro. 9990

Anuncio de convocatoria de subvencións a Institucións deportivas e deportistas 2004

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15/11/04, as Bases e Convocatoria para a concesión de subvencións a Institucións deportivas e deportistas 2004, faise público o contido das mesmas

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A INSTITUCIÓN DEPORTIVAS E DEPORTISTAS QUE NO DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS PROMOCIONEN A CIDADE DE PONTEVEDRA

PRELIMINAR

As presentes bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a institucións deportivas e deportistas que no desenvolvemento de actividades deportivas promocionen a cidade de Pontevedra, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

ARTIGO 1.—OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para fomentar as actividades de promoción de cidade de Pontevedra no desenvolvemento de actividades deportivas polas institucións deportivas.

ARTIGO 2.—BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria aquelas institucións deportivas e persoas físicas, con domicilio social ou censadas no Concello de Pontevedra respectivamente, que na organización ou participación en actividades físicodeportivas ou deportivo-recreativas de interese municipal promocionen a cidade de Pon-